

Sobre a máscara e normativa

No día de hoxe publicase no DOGA unha Resolución da Xunta que entra en vigor mañá domingo 19 de carácter xeral pero que afecta a **establecementos comerciais, profesionais e de hostelería**, e que ven a establecer:

1. Obrigatoriedade do uso da máscara en todo momento, tanto na vía pública, en espazos o aire libre como os pechados abertos o público, aínda que se podea garantir a distancia de 1,5 metros.
2. A máscara deberá cubrir desde o tabique nasal o queixo(mentón) e non deberá ter válvula exhalatoria.
3. Non fai falla utilizala:
 1. Nos establecementos de hostelería e restauración exclusivamente no momento específico de consumo.
 2. Nos vehículos privados si van ocupados por persoas que convivan no mesmo domicilio.
 3. Nas praias e piscinas durante o baño ou toma do sol si se respecta a distancia a outras persoas que non sexan conviventes.
 4. Deporte individual o aire libre, sempre que se poida manter distancia de 2 metros e nos interiores a distancia de 1,5 mtros.
4. En todos os demais establecementos: comercios, empresas, fábricas, actividades profesionais deberán permanecerse ca máscara en todo momento e seguindo o establecido nos protocolos específicos para determinados colectivos.
5. Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública (“botellón”)